



PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

AXUDAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E FORMACIÓN

Incentivo para favorecer a creación de novos empregos estables e contribuír ao crecemento de pequenas unidades produtivas con potencialidade para a creación de emprego

Prazo aberto das 9:00 h
do **11 de febreiro** ata
as 20:00 horas do **30
de setembro de 2026**

Orzamento
1.350.000 €



Persoas beneficiarias

» Persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais con **domicilio social e fiscal** en Galicia pola **primeira, segunda e terceira contratación** que realicen con **carácter indefinido**.

Non poderán ser beneficiarias as persoas que desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma actividade, nos 3 meses anteriores á data do inicio da nova situación de alta na Seguridade Social.



Intensidade dos incentivos

Bono Contratación*

	1ª contratación	2ª/3ª contratación	
→ Caso xeral	7.500 €	9.000 €	+ 15 % + Concello rural + Maior de 45 anos (non aplicable se a axuda se concede polo colectivo de maiores de 52 anos) + Persoa trans + Muller en profesión subrepresentada Acumulables
→ Muller → Paro longa duración → Maiores de 52 anos → Con discapacidade → Situación ou risco exclusión → Emigrantes retornadas → Persoas estranxeiras	9.000 €	11.000 €	
	14.400 €	17.600 €	

* De ser o caso, a axuda será proporcional ao tempo efectivo de traballo respecto da xornada a tempo completo.

Bono Formación [OPCIONAL]. Accións formativas ás persoas contratadas

- » Para a mesma persoa cuxo contrato se subvenciona.
- » Mínimo 70 horas de formación teórica relacionada co posto.
- » Realizada nos 3 primeiros meses de contrato e rematada antes do 30/10/2026.
- » Excluída a formación que supoña unha obriga legal en materia preventiva.

2.000 €
por persoa beneficiaria
do Bono Contratación





PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

AXUDAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E FORMACIÓN



Principais requisitos da contratación

- » A persoa contratada ten que **estar inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego** e sen ocupación** no momento da súa contratación.
- » A contratación realizarase **entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026**, ambas inclusive, **con anterioridade ou o mesmo día** da solicitude desta axuda.
- » Comunicarase a través da aplicación Contrat@ nos **10 días hábiles dende o inicio do contrato**.
- » A contratación deberá ser **indefinida inicial**, incluídos os contratos fixos-descontinuos. Neste último caso, o período de actividade **será un mínimo de 6 meses cada ano**.
- » Poderá ser **a tempo completo** ou, de ser a tempo parcial, **cunha xornada mínima do 50 % dende o seu inicio, respecto da xornada a tempo completo** establecida no convenio colectivo.
- » Deberase **manter á persoa contratada** no cadro de persoal **un mínimo de 36 meses** tanto no caso da primeira contratación como para a segunda e terceira.

** Excepto os casos previstos no artigo 4.1.a) do Real Decreto-lei 1/2023, de 10 de xaneiro.



Incentivo á formación

- » A formación poderase desenvolver **a través de medios propios ou por medio da súa contratación**, e **poderá realizarse tanto nas instalacións da persoa beneficiaria como nas da entidade encargada** da súa impartición.
- » Na modalidade de teleformación, realizarase **nunha plataforma virtual de aprendizaxe** cunha **metodoloxía apropiada** que posibilite a **interactividade** (persoa traballadora – titoría) e que asegure a **xestión dos contidos**, un **proceso de aprendizaxe sistematizado**, o seu **seguimento en tempo real** e a **avaliación** de todo o proceso, con **controis periódicos da aprendizaxe**.
- » As persoas beneficiarias deberán presentar **no prazo máximo de 10 días *** desde o seguinte no que remate a formación**, a seguinte documentación:
 - **Declaración expresa** da aplicación da axuda aos gastos subvencionables e declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo III).
 - **Documento acreditativo** de que se comunicou ás persoas representantes legais das persoas traballadoras a acción formativa.
 - **Declaración** (segundo modelo dispoñible en Sede electrónica) conforme se realizou a formación, con todos os contidos previstos no modelo.
 - A **teleformación** xustificarase mediante os **resultados obtidos nos controis de aprendizaxe** programados en cada módulo.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa para acceder]

*** Excepto cursos xa realizados que se axusten ao disposto na orde. Neste caso, achegarse xunto coa solicitude.



Presentación da solicitude

- » As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica** a través do formulario normalizado (Anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- » Deberán dirixirse **ante o Departamento Territorial** onde a persoa solicitante teña o domicilio fiscal.
- » O prazo para a súa presentación **rematará o 30 de setembro de 2026**.

